

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA NA VANGARDA DO TRATAMENTO MINIMAMENTE INVASIVO DO ANEURISMA DE AORTA

- O Clínico conta cun *Equipo Aórtico* que integra cirurxiáns cardíacos, vasculares, cardiólogos, hemodinamistas, radiólogos intervencionistas, anestesiólogos, urxenciólogos e enfermería específica das unidades de quirófano e hemodinámica
- Este hospital é o único en España e dos poucos de Europa en contar cun equipo aórtico multidisciplinar validado para o tratamento integral do arco aórtico

**Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2022.-** A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza conta cunha unidade multidisciplinar que permite un tratamento minimamente invasivo ante o aneurisma de aorta. O Hospital Clínico Universitario compostelá, o único centro en España, e dos poucos de Europa en contar cun equipo aórtico multidisciplinar validado para o tratamento integral do arco aórtico co sistema *Zenith* (endoprótese para o tratamento minimamente invasivo do arco aórtico).

As enfermidades cardiovasculares son unha das principais causas de mortalidade no noso entorno polo que, nos últimos anos, tanto os profesionais que tratan estas doenzas, como as técnicas para os seus tratamentos, evolucionaron significativamente para diminuír a agresividade e así reducir as complicacións e o impacto na calidade de vida dos pacientes. Un dos tratamentos cirúrxicos máis desafiante nas enfermidades cardiovasculares e o dos aneurismas de aorta torácica a nivel do arco aórtico.

O aneurisma é unha dilatación da arteria aorta que se medra por riba dun determinado tamaño presenta un alto risco de ruptura orixinando una situación crítica para o doente cunha elevada mortalidade tanto inmediata como nunha cirurxía urxente.

O arco aórtico é a zona da arteria aorta que continua ao corazón e de onde saen as arterias principais que levan o fluxo de sangue ao cerebro e aos brazos. É de difícil acceso para unha potencial cirurxía convencional xa que implica abrir o tórax e, na maior parte dos casos, deter o latido cardíaco e empregar unha técnica de circulación extracorpórea para poder corrixir a enfermidade.

Ao mesmo tempo, ao estar afectadas as arterias que irrigan o cerebro, estas intervencións representan un risco importante de ictus, de trombooses, ou embolia cerebral.

“As técnicas minimamente invasivas do tratamento desta patoloxía son moi complexas e, durante moito tempo, en certa forma, incompletas xa que precisaban da combinación de técnicas de cirurxía aberta convencional con técnicas endovasculares”, indica Nilo Mosquera xefe do servizo de Cirurxía Vascular da área sanitaria de Santiago e Barbanza.

As intervencións minimamente invasivas máis complexas que se realizan actualmente no CHUS no campo cardiovascular, e polas cales é un centro recoñecido nacional e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

internacionalmente como pioneiro, planifícanse, avalíanse, e lévanse a cabo de forma multidisciplinar. Ofréceselle ao paciente a mellor calidade asistencial e resultados clínicos así como todas as alternativas para a súa enfermidade.

O dispoñer dun equipo integrado permitiu completar con éxito os casos de tratamento endovascular minimamente invasivo completo do Arco Aórtico sen procedemento de cirurxía convencional. En total 3 pacientes con aneurisma de arco aórtico foron intervidos con éxito dende a posta en marcha do equipo é máis de 35 doentes de cirurxía endovascular aórtica toracoabdominal complexa foron tratados con óptimos resultados nestes dous últimos anos por este equipo.

Os procedementos realízanse con control de imaxe vascular avanzado, mediante pequenas incisións (ou puncións) nas arterias da ingua polas que se introduce a prótese deseñada especificamente a medida para cada paciente. Esta técnica minimiza o risco da cirurxía aberta convencional e representa un avance moi importante no campo das enfermidades cardiovasculares.

Segundo o doutor Mosquera "o esforzo de coordinación e traballo en equipo realizado polo CHUS repercute no avance dos tratamentos que podemos ofrecer aos nosos pacientes, incluso no momento tan difícil da pandemia, este programa do equipo aórtico posibilitou establecer na sanidade compostelá un prantexamento de terapia minimamente invasiva de Arco Aórtico dos máis avanzados en Europa".

A infraestrutura clínica xa creada e funcionando no momento actual, continua a traballar na creación de protocolos e vías clínicas que melloren a asistencia global ao paciente. En palabras da xerente da área sanitaria de Santiago, Eloína Núñez "esta unidade multidisciplinar visibiliza o camiño que debe seguir a sanidade nun futuro próximo que se integrará á perfección co **Novo Clínico**. Por este motivo a planificación da nova área cirúrxica e toda a reforma do hospital foi deseñada tendo en conta este obxectivo".

O xefe do servizo de Cardioloxía, J. R González Juanatey indica que "as enfermidades da aorta son un reto diagnóstico e terapéutico pola súa complexidade e o Clínico puxo en marcha un equipo de profesionais que permitirá desenvolver programas de excelencia asistencial, docente e investigadora. Ponnos na vangarda para o manexo deste importante grupo de pacientes".

Nesta liña tamén incide o doutor Julián Álvarez, xefe do Servizo de Anestesioloxía e Reanimación, quen destaca que "a transversalidade, coordinación e traballo en equipo redunda nunha mellor formación, asistencia e investigación".

Pola súa banda, o responsable do servizo de Urgencias, Plácido Mayán, indica que é prioritaria a detección precoz en urxencias destas patoloxías "que son tempo-dependentes". Ademais, pola súa complexidade incide na necesidade dunha "actuación multidisciplinar coordinada dun equipo de profesionais para a súa correcta asistencia e manexo".

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

“O equipo aórtico supón a integración ao máis alto nivel dos recursos dun centro, tanto materiais como humanos, cun obxectivo moi ambicioso: diagnosticar e tratar coa maior garantía as enfermidades máis complexas do eixo arterial e sempre pensando no mellor para o paciente”, explica José Martín Carreira, da unidade de radioloxía intervencionista.

Darío Durán, xefe do servizo de cirurxía cardíaca conclúe que se trata dunha “moderna practica clínica: un equipo multidisciplinar no que cada especialista aporta os seus coñecementos e habilidades específicas para solucionar unha patoloxía complexa”.

Posto en marcha en febreiro do 2020, seguindo as recomendacións das sociedades científicas internacionais, o Equipo Aórtico integra cirurxiáns cardíacos, cirurxiáns vasculares, cardiólogos hemodinamistas, radiólogos intervencionistas, anestesiólogos, urxenciólogos e enfermería específica das unidades de quirófano e hemodinámica, co obxectivo de integrar e coordinar o tratamento multidisciplinar.

**Saúdos,**